



DATOS IDENTIFICATIVOS

Aprendizaxe das ciencias sociais

Materia	Aprendizaxe das ciencias sociais			
Código	O05G110V01601			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Constenla Vega, Xose			
Profesorado	Constenla Vega, Xose			
Correo-e	xose.constenla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia consiste en ensinar aos futuros mestres/as a introducir aos nenos no coñecemento das distintas Ciencias Sociais que compoñen os contidos do DCB, así como a recoñecer as dificultades de aprendizaxe dos distintos conceptos e nocións relacionados coas Ciencias Sociais na Educación Infantil			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Diseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela no estudantado.
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no periodo 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C2	Coñecer os desenvolvementos da psicología evolutiva da infancia nos periodos 0-3 e 3-6.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico

C6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
C12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
C13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible.
C14	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
C22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellora en educación infantil.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
C26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
C28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas innovadoras en educación infantil.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e en colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
C32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
C36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
C37	Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
C38	Coñecer os momentos máis sobresalientes da historia das ciencias e as técnicas e a súa transcendencia.
C39	Elaborar propostas didácticas en relación coa interacción ciencia, técnica, sociedade e desenvolvemento sustentable.
C40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados
C41	Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os fundamentos do currículo desta etapa	A1 A5	B1 B9	C1 C12 C21 C22 C28 C30	D3 D16 D21
Coñecer as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes sobre o medio social	A2 A4	B2 B9	C1 C2 C13 C14 C44	D3 D13 D15 D21

Cofecer as estratexias didácticas para desenvolver as nocións espazo-temporais	A1 A2	B2 B3	C1 C2 C4 C32 C36	D6 D11 D12 D15
Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia	A1 A3	B3 B4 B12	C5 C12 C14 C26 C37 C38 C40	D1 D3 D8 D14 D19
Elaborar propostas didácticas en relación coa aprendizaxe do medio social na Educación Infantil	A1 A2 A5	B2 B3 B7 B9 B11	C5 C23 C24 C26 C29 C39 C40 C41	D2 D3 D5 D9 D17 D21 D22
Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados	A4	B2 B4 B11 B12	C5 C6 C23 C24 C26 C29 C40 C41	D2 D3 D5 D9 D16 D17 D22
Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da Información e a Comunicación na aprendizaxe do medio social	A4 A5	B7 B12	C21 C24 C29 C41	D2 D5 D6 D7 D9 D15 D21 D22

Contidos

Tema	
1. BLOQUE 1. Epistemoloxía e contidos da área de Ciencias Sociais. A área do Contorno: que é, que comprende e Área do contorno no currículo de Educación Infantil	Introdución ás Ciencias Sociais: concepto e trazos que as caracterizan. Cales son as Ciencias Sociais? Definicións. As Ciencias Sociais na Escola: contidos en Educación Infantil. Ciencias que estudan as CCSS. Ciencia interdisciplinar adecuada para a percepción sincrética en Educación Infantil. Axuste das Ciencias Sociais ás características psioevolutivas dos nenos de infantil. Ata onde poden adquirir conceptos sociais e como? Área do Contorno e currículo.
2. BLOQUE 2. A construción dos conceptos e nocións para o coñecemento das Ciencias Sociais. Nocións espazotemporais.	Desenvolvemento e evolución das nocións espaciais. Desenvolvemento e evolución das nocións temporais. Tratamento didáctico da obra de arte. Os recunchos da historia. Os recunchos da xeografía. Os recunchos da arte e museo. Experiencias piagetianas da adquisición das nocións temporais e espaciais no neno de Educación Infantil. Dificultades dos nenos de Educación Infantil para adquirir as nocións máis abstractas de normas, valores, política etc.
3. BLOQUE 3. Desenvolvemento de experiencias educativas e materiais didácticos da área	Elementos para a programación didáctica nas Ciencias Sociais na Educación Infantil. Actividades para a Didáctica das Ciencias Sociais en Educación Infantil. Contidos curriculares do ámbito do contorno. Selección e adecuación dos contidos do contorno no proceso evolutivo do neno/a de Educación Infantil. A metodoloxía globalizadora en Educación Infantil, a base dunha boa asimilación e aprendizaxe polo sincretismo infantil: traballo por proxectos de Kilpatrick; Método de descubrimento; ABP (aprendizaxe baseada en problemas); Centro de Interese de Decroly etc. Recursos e materiais. Propostas editoriais e propostas dun profesor programador e non aplicador. Clasificación do material e tipos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	21.5	23.5	45
Traballo tutelado	10	15	25
Traballo tutelado	10	28	38
Seminario	5	6	11
Presentación	1	10	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	8	11
Exame de preguntas obxectivas	2	7	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	<p>Exposición dos contidos da materia con apoio de material audiovisual e exemplos prácticos. É necesario aplicar unha metodoloxía que fomente a participación activa e a motivación do alumnado, só deste modo a aprendizaxe adquire un carácter significativo. O profesorado xoga aquí un papel primordial, xa que ten que dinamizar a clase, crear un clima propicio de ensinanza-aprendizaxe, resolver dúbidas e dirixir ben e coordinar, sempre desde o respecto, todas as propostas de traballo. Ser aberto ás suxestións que poidan enriquecer a materia desde a perspectiva construtivista. É por iso importante a metodoloxía a seguir, cun diálogo fluído entre educador e educando.</p> <p>No inicio faranse actividades introdutorias para todo o grupo-clase</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación dos coñecementos previos do alumnado, así como das súas inquiredanzas. - Presentación xeral da materia e a súa organización cun cronograma. - Orientacións sobre a bibliografía. <p>Nas sesións de todo o grupo o procedemento é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Síntese dos temas por parte do/a profesor/a, propiciando o diálogo permanente co alumnado e resolvendo todo tipo de dúbidas. - Presentación de materiais básicos para o traballo de cada tema. - Establecemento das pautas para a preparación xeral da materia, a análise das lecturas obrigatorias (principalmente artigos), a realización de traballos breves sobre un aspecto ou artigo interesante e a exposición de traballos. - Organización e revisión das actividades individuais e grupais realizadas na aula e que serán sempre avaliadas polo docente. - Organización e revisión das exposicións dos estudantes diante da clase. <p>Todas estas pautas teñen que servirnol para conseguir os obxectivos propostos na materia. Deben permitir unha atención individualizada, deben axudar a resolver dúbidas, a facer un seguimento do alumnado etc. Unha boa teoría susténtase nunha boa práctica, entendendo neste caso por práctica a metodoloxía que apliquemos.</p>
Traballo tutelado	<p>Realización de exercicios propostos: cuestionarios, mapas conceptuais, lectura de textos e exposicións de ideas principais.</p> <p>Elaboración de materiais cando se solicite.</p> <p>Participación en grupos medios. Dividida a clase en dous grupos que irán alternándose, proporase en cada sesión traballos prácticos que gardan relación co tema teórico que se está a desenvolver, polo tanto, caracterizarase por:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo en profundidade dun tema (monográfico). - Ampliación e relación dos contidos tratados nas sesións maxistras. - Lectura e comentario de textos. - Visualización e comentario de material audiovisual. <p>- Elaboración de materiais didácticos co emprego das TIC (programas como PIPO, POTATOES), montaxes audiovisuais prácticos para a aula.</p> <p>- Realización de experiencias prácticas de CCSS para desenvolver na aula de infantil: elaboración de maquetas, xogos e experiencias espazo-temporais, aplicación da literatura e música na comprensión do contorno; programar unha saída didáctica...</p> <p>Estes traballos de aula serán revisados e puntuados.</p>

Traballo tutelado	<p>Elaboración en grupo de diversas propostas de traballo: Traballo por proxectos, Unidades Didácticas, Traballos de investigación.</p> <p>Dividíndose o gran grupo en grupos pequenos de 4-5 para a realización de traballos. Propóranse unha gran variedade de traballos a realizar, debendo o alumnado decantarse por algún. Despois procederáse a titorizalos facilitando sempre a información necesaria e resolvendo dúbidas. Animando ao alumnado cando este se vexa con dificultades.</p> <p>-Titorización individual e en grupos reducidos.</p> <p>-Organización e revisión dos diferentes traballos e actividades realizados polos estudantes.</p> <p>-Seguimento e apoio na realización de traballos.</p> <p>-Entrevistas individuais para o seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe.</p> <p>A titorización sempre terá un carácter aberto e flexible a todo tipo de suxestións. Tamén debe prepararse para as exposicións axudando en asesoramento de como debe realizarse.</p>
Seminario	<p>Resolución de dúbidas e problemas e orientación sobre os conceptos, traballos de aula e traballos titorizados. Todas as cuestións relativas á materia, consultas, dúbidas, reclamacións... serán resoltas persoalmente nas horas de titoría evitando comunicacións por correo electrónico para evitar confusións.</p> <p>Empregarase a ferramenta Moovi como medio de entrega de traballos e comunicación co alumnado.</p>
Presentación	<p>Exposición de traballos en gran grupo onde se terá en conta a claridade da exposición, o material elaborado, a cohesión do grupo. É, sen dúbida, un dos aspectos máis interesantes da materia. É poñer en proba a dispoñibilidade do alumnado, a demostración de como se organizaron, como se distribuíron as tarefas, como se relacionaron e, en definitiva, é o cumio dunha tarefa complexa por varios motivos (polo propio traballo, pola colaboración, pola integración grupal...) e o principal é que todos eles deberon realizar un traballo que sexa viable a súa aplicación real e na exposición así debe reflectirse. Estas exposicións realizaranse nas sesións de gran grupo, xa que é importante que os seus compañeiros e compañeiras aprecien o traballo, en definitiva resulta ser unha "aprendizaxe entre iguais".</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Na aula ofreceráse unha dirección académica dos traballos tutelados. Tamén se realizará un seguimento da evolución dos mesmos, axudando ao alumnado a solucionar as cuestións que se lle presenten.
Seminario	No horario establecido polo docente, o alumnado terá a posibilidade de solucionar cuestións académicas ben en grupo ben de xeito individual. Estas titorías realizaranse por petición do alumnado.
Presentación	O docente levará a cabo tarefas de coordinación á hora de preparar as exposicións do alumnado na aula, co fin de obter os mellores resultados. Solucionaranse cuestións técnicas e metodolóxicas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Dossier de Prácticas Individual Comentarios de texto, participación en debates, propostas... Os resultados de aprendizaxe agardados son: - Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia -Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos acaídos	25	A1 B2 C13 D1 A3 B9 C26 D3 B12 C44 D12 D14
Traballo tutelado	Realización en grupo dunha Unidade Didáctica seleccionada. Os resultados de aprendizaxe agardados son: - Elaborar propostas didácticas en relación coa aprendizaxe do medio social na Educación Infantil -Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos acaídos	20	A2 B3 C12 D2 A4 B11 C23 D6 C24 D9 C29 D15 C30 C36 C39
Presentación	Presentación e defensa da Unidade Didáctica seleccionada: Os resultados de aprendizaxe agardados son: - Coñecer as estratexias didácticas para desenvolver as nocións espazo-temporais -Fomentar experiencias de iniciación ás tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe do medio social	5	A4 B2 C21 D2 A5 B7 C28 D3 C40 D5 C41 D9 D17 D21

Exame de preguntas PROBA A de desenvolvemento	Unha proba teórica de PREGUNTAS CURTAS sobre os conceptos básicos e contidos do temario. Os resultados de aprendizaxe agardados son: - Coñecer os fundamentos do currículo desta etapa -Coñecer as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes sobre o medio social -Coñecer as estratexias didácticas para desenvolver as nocións espazo-temporais -Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia	25	A1 B1 C1 D3 B12 C2 D7 C4 D13 C14 D19 C37 D22 C38
Exame de preguntas PROBA B obxectivas	Unha proba teórica de PREGUNTAS LONGAS sobre os conceptos básicos e contidos do temario. Os resultados de aprendizaxe agardados son: - Coñecer os fundamentos do currículo desta etapa -Coñecer as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes sobre o medio social -Coñecer as estratexias didácticas para desenvolver as nocións espazo-temporais -Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia	25	A1 B1 C1 D3 B12 C2 D7 C4 D13 C14 D19 C37 D22 C38

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a materia na primeira convocatoria (maio-xuño), o alumnado que asista regularmente a clase deberá superar unha proba teórica (tipo A e B) sobre os conceptos básicos e os contidos do temario (exame final), así como realizar os traballos de aula e tutelados propostos. En caso de non asistir e non realizar as actividades, faranse no exame final (oficial), na segunda convocatoria (xullo) ou nas convocatorias extraordinarias. As notas das actividades das clases B, e a nota da Unidade Didáctica (clases C), no caso de que se realizaron na aula, conservaranse na segunda convocatoria (xullo) e nas convocatorias extraordinarias. Quen non as teña realizado, deberá facelas para superar a materia.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico

O calendario das probas oficiais de avaliación pódese consultar na web da facultade

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado de curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado de curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ASENJO, A, **Juegos de simulación**, Aula de Innovación Educativa, 1992

AYALA,, **Introducción a las Ciencias Sociales**, Aguilar, 1997

BAILEY, P, **Didáctica de la Geografía**, Cincel, 1985

BRAUDEL, F, **La Historia y las Ciencias Sociales**, Alianza, 1987

Bibliografía Complementaria

BENEJAM,, **Los contenidos de las Ciencias Sociales**, .Cuadernos de Pedagogía nº 168, 1978

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xeografía/O05G120V01305

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Coñecemento do medio natural/O05G110V01901

Xeografía para mestres/O05G110V01907

Historia: Historia do presente/O05G120V01203

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento/O05G120V01104

Outros comentarios

1. A ensinanza a desenvolver terá un carácter basicamente aplicado e favorecerá a actitude participativa como corresponde a unha aprendizaxe que se quere operativa nas futuras actividades profesorais dos alumnos e alumnas do grao.
2. A interactividade será unha das esixencias fundamentais na planificación e desenvolvemento das actividades tanto as lectivas como as prácticas e aplicadas.
3. O espazo das mesmas poderá ser a aula ou calquera outro lugar que facilite a integración do alumnado na experiencia. É necesario que o alumnado sexa constante no seu labor diario, tanto na súa asistencia ás clases como na entrega de materiais que o docente solicite. Debe procurarse traballar diariamente para evitar acumulación de tarefas.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

O alumnado debe en todo momento valerse do seu propio esforzo, xa que só deste modo pode lograr os seus éxitos.
